

Escritor

Xosé María Álvarez Blázquez foi un autor cunha vasta produción que abrangue distintos xéneros literarios: ensaio, teatro, novela, relato curto e poesía.

A meirande parte da súa obra está escrita en galego, mais tamén tivo que recorrer ao castelán nunha época na que a ditadura non permitía a escrita na nosa lingua. Algunha das súas mellores novelas foron restituídas ao galego grazas á tradución do seu fillo Alfonso e podémolas ler cos títulos: *Enchen as augas e Na vila hai caras novas*.

Como autor de relato curto, cómpre destacar os cinco relatos publicados no 1936 na revista *Nós*, co título *Os ruíns*. En 1971, volveu publicar na colección *O Moucho* outro conxunto de cinco relatos baixo o título *A pega rabílonga e outras historias*. Mais, con anterioridade, xa escribira na nosa lingua.

Envexa

O día de Reis foi Farruquiño á vila por primeira vez na súa vida. Foi co seu pai e coa súa irmá Lilaíla, que xa é unha moza de dezasete anos e ten ido máis veces. Foron vender a vaca China, porque hoxe alí é a feira do ano. E Farruco, co seu pau ao lombo, levaba a vaca do adival.

Na vila viu o rapaz os tranvías, viu os gardas da porra, viu moitos automóviles, viu as fiestras dos comercios todos cheos de bonituras. E viu máis cousas...

Viu tamén moitos rapaces da súa idade que andaban a brincar cos brinquedos que lles puxeran os Reis Magos. E Farruco sentiu, ao velos, un nó na gorxa que xamais sentira. Aqueles rapaces tiñan carriños pequenos, tiñan automóviles de mentira, tiñan vacas e bois de cartón... E, por todo iso, tivólles envexa...

E os rapaces da vila, ao ver o noso homiño, tamén tiveron envexa: envexa del, que levaba do adival unha vaca de verdade, e non lle tiña medo. Eles só tiñan vacas de cartón...!

Adaptación. Tribuna. Semanario Popular de Tuy, 1933

En todos os relatos deste autor apréciase unha querenza polos personaxes humildes e unha crítica contra os poderosos e os insensíbles.

Desde tempo atrás, Xosé M.^a Álvarez Blázquez era ben coñecido como poeta. Man a man, xunto co seu irmán Emilio, compuxera os poemas recollidos no libro *Poemas de tí e de mín*, que se editan en 1949.

Nesta, como en moitas das súas obras, nótanse as influencias do Neotrobadorismo, un movemento literario que Álvarez Blázquez cultivou e no que os autores e autoras compoñen cantigas ao modo dos trovadores medievais.

AMIGA

—Aí, meu amigo,
anda o vento rifando comigo.

—Aí, miña amada,
non é o vento, que eu son quen che fala.

—Aí, meu amor,
anda a auga a cantarme arredor.

—Aí, miña amante,
como coídas que a auga che cante?

—Aí, meu amado,
anda o sol a deitarme no prado.

—Aí, miña amiga,
el non é, que son eu quen te obriga.

Anda, gat
que a ne

